



CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

6 de abril do 2023

XOVES SANTO



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE



SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Xuntámonos esta tarde, igual que fixo Xesús cos discípulos e coas mulleres que os acompañaban. Naquela cea compartida El quixo que se fixera memoria da súa vida así: compartindo en comunidade pan e viño arredor da mesa.

Esta é a razón pola que nesta tarde nos reunimos arredor do altar, pois querendo facer memoria de Xesús, compartimos o seu pan, que para nós é PAN de VIDA.

Tamén Xesús, naquela cea, lles propuxo un xeito de vivir: amarse uns a outros coma irmáns.

Agora, esta, é a cea de Xesús, e nós somos os seus convidados.

🎵 **nº 1 Onda Ti noso Pai**

2

ACTO PENITENCIAL


Celebrante: *Nesta mesa non podemos participar de calquera xeito, pois é unha mesa de irmandade, e os nosos feitos, ás veces, están lonxe do ser IRMÁNS.*

A soidade de moitos maiores, os muros aos refuxiados, os silenzos da violencia de xénero, os abusos na igrexa, as irresponsabilidades na pandemia, e agora o escándalo da guerra, dinos que temos moito do que pedir perdón.

Monitor/a

- ✓ Porque sempre buscamos escusas para non compartir cos demais a nosa vida, e eu e o meu é o único que me importa. Señor, téndenos a túa man
- ✓ Porque sempre buscamos escusas para non sentar con todos na mesa da vida, e son moitas as persoas rexeitadas e esquecidas. Cristo, téndenos a túa man
- ✓ Porque sempre buscamos escusas para xustificar as nosas comodidades e faltas de compromiso. Señor, téndenos a túa man

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, de todos os que están a sufrir os desastres dunha guerra inxusta. A todos, Deus Pai, nos acolla, nos conceda o seu perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*



Celebrante *Hoxe é un día especial, un día de festa que compartimos como igrexa de fogar, pois o Señor quixo quedar connosco a través do seu corpo e do seu sangue, e quixo que o lembráramos xuntos compartindo pan e viño arredor da mesa.*

🎵 nº 15 Gloria ou

Celebrante *Dámosche grazas Xesús por todo isto, dámosche grazas por ti mesmo, que estás no medio de nós, no teu pan e no teu viño, animándonos coa túa presenza.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: Deus, noso Pai, hoxe celebramos a santa cea na que o teu Fillo Xesús, antes de morrer deunos o banquete do seu compartir e benquerer.

Fai que pola participación en tan grande misterio recibamos a plenitude do amor, sabendo agradecerche a vida de cantos comparten mesa e pan á nosa beira.

Pedímoscho por Xesús, teu Fillo e Irmán noso, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS



(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS CORINTIOS

Irmáns, eu recibín do Señor, e transmitivos tamén a vós, que o Señor Xesús, na noite en que o entregaron, colleu pan e, despois de dar grazas, partiuno e dixo:

—«**Isto é o meu corpo, que se entrega por vós; facede isto en memoria miña.**»

Do mesmo xeito, despois de cear, tomou a copa dicindo:

—«**Esta copa é a Nova Alianza, no meu sangue; cada vez que a bebedes, facédeo en memoria miña.**»

Polo tanto, cada vez que comedes este pan e bebedes esta copa, anunciades a morte do Señor, ata que El volva.

Palabra do Señor

🎵 48 *O pouco que Deus nos dá* SALMO

(en pé) Leccionario I C páx Xn 13, 1-15 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela, mentres Xesús compartía a cea, cos seus mellores amigos, díxolles:

- Como me amou o Pai, así vos amei eu; permanecedes no meu amor. Dígovos estas cousas para que a miña alegría estea en vós e a vosa alegría sexa plena.

Este é o meu mandamento: que vos amedes uns a outros coma eu vos amei.

Ninguén ten amor máis grande ca este: que un dea a súa vida polos amigos. E vós sodes amigos meus se facedes o que vos mando.

Xa non vos chamo servos, a vós trateivos de amigos, pois todo o que lle oín a meu Pai déivolo a coñecer.

Non me escollestes vós a min, senón que vos escollín eu a vós; e púxenvos para que vaiades e levedes froito e o voso froito permaneza.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



(en pé)

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante Coma seguidores de Cristo, imos pedirlle ao Pai forza para construír a igrexa do fogar e do mundo, en irmandade, tal como quixo e fixo Xesús, e facémolo dicindo:

ÉNCHENOS, SEÑOR, DO TEU AMOR

Monitor/a:

- ✓ Mirando as feridas da guerra, queremos unha igrexa que sexa fogar de PAZ, para que todas as persoas poidan manter a esperanza dun mundo mellor, oremos
- ✓ Mirando o esquecemento de tantos e tantos maiores, queremos unha igrexa na que todas as persoas sexan respectadas sen importar nada, oremos
- ✓ Mirando os muros e as alambradas, queremos ser unha igrexa que abra horizontes de acollida, sen medos a quen pensa, vive ou reza diferente, oremos
- ✓ Mirando tanto individualismo, e tanto “cada un ao seu”, queremos unha igrexa COMUNIDADE, na que nos sintamos implicados para dar unha man, oremos
- ✓ Mirando tantas persoas que o fan ben, queremos ser igrexa de CARIDADE na que non decaian os esforzos á beira dos pobres e necesitados, oremos

Celebrante: Deus noso Pai, acolle nesta tarde o que sinceramente che pedimos, e acóllenos un día na mesa do teu Reino. Pedímoscho por Cristo noso Señor. Amén

3.- LITURXIA EUCARÍSTICA

MONICIÓN ÁS OFRENDAS (mans e fotos)

Celebrante: Xunto co pan e co viño, queremos poñer enriba do altar unhas fotos da guerra, e queremos poñer tamén unhas mans que nos lembren a todas as persoas que non teñen sitio nas mesas da vida.

Son as mans de homes e mulleres aos que non se lles deixa partir e compartir o pan, e non son libres para sentarse na mesa común da igrexa e da humanidade.

Nós, coas fotos e coas mans queremos convidar a esta mesa de Xesús porque só así podemos sentirnos convidados tamén nós.

Son as mans feridas dos veciños e veciñas de Ucraia, son as mans baleiras dos refuxiados, son as mans arrugadas dos maiores que o pasaron tan mal na pandemia, son as mans inocentes dos que sufriron abusos, son as mans femininas das que sofren violencia de xénero, son as mans curtidas da terra mal coidada.

(Varias persoas soben para o altar as mans e as fotos)

ORACIÓN DAS OFRENDAS

Celebrante: Señor, Ti concédesnos participar dignamente arredor desta mesa. Nós facemos memoria da VIDA do teu fillo Xesús, e Ti vas realizando a obra da nosa redención por Cristo noso Señor. Amén.

4.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Convidados por Xesús compartimos arredor desta mesa, fiándonos del comprometémonos a ser testemuñas cribles de irmandade, e confiados poñemos as nosas vidas nas mans de Deus Pai rezándolle: NOSO PAI ...*

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Neste día, Xesús dános un mandato novo "amádevos uns aos outros como eu vos amei".*

Hoxe a paz ten que significar o esforzo por amar, acoller e comprender a todas as persoas.

Os nosos desexos de paz para todos mostrámoslos nas nosas mans feridas e escandalizadas por unha guerra que non nos colle na cabeza. Que lonxe aínda estamos dos soños de irmandade de Xesús.

COMUÑÓN

Celebrante: *. A Cea de Xesús axúdanos a construír un mundo que quere amar e facer ben aos demais para superar todo aquilo que separa e divide.*

Ditosos, nós e todos, pois somos convidados a este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

♪ n° 47 *Ti elo pan do ceo*

4.- ORACIÓN FINAL, AVISOS E DESPEDIDA

Esta oración faise co Santísimo enriba do altar

Celebrante: Deus Noso Pai, Ti, que nesta vida aliméntanos coa cea do teu Fillo, concédenos ter sempre un corazón agradecido con todos os parentes, amigos e veciños cos que gozosos compartimos moitas veces as mesas das nosas casas.

Concédenos tamén participar na plenitude do banquete da vida eterna. Por Cristo noso Señor. Amén.

Coma Xesús arredor da mesa, queremos dar vida no noso fogar, na nosa comunidade, no noso rural, cos nosos veciños e veciñas.

Con Xesús queremos dar grazas ás persoas que se desviven polos demais, na hora da enfermidade, no tempo da soidade e na frustración da morte sen paz.

Con Xesús queremos achegarnos á vida dos que malviven coma refuxiados, das que sofren violencia de xénero, dos que se senten feridos de morte na guerra.

MONICIÓN AO TRASLADO

Celebrante: Mañá, Venres Santo, Xesús morre por todos, e nese día non hai ningún Sacramento. Pero hoxe queda con nós, (nun sitio aparte), como pan para os enfermos e os necesitados, e para ser o noso alimento mañá.

*Se hai monumento faise agora o traslado,
se non hai déixase estar enriba do altar.*

🎵 n° 47 **Pan do ceo, pan de vida (3)**

ORACIÓN ANTE O SANTÍSIMO

Celebrante:

Xesús, non téas mans,

tés só as nosas mans para construír
un mundo onde haxa xustiza.

Xesús, non téas pés,

tés só os nosos pés para por en marcha
a liberdade e o amor.

Xesús, non téas labios,

tés só a nosa boca para anunciar polo mundo
a boa noticia dos pobres.

Xesús, non téas medios,

tés só o noso obrar para lograr
que todas as persoas sexan irmáns.

Xesús, nós, somos o teu evanxeo,

o único que as persoas poden ler,
se as nosas vidas son obras e palabras túas.


Xesús, danos a túa forza

para facer medrar os nosos dons
e facer ben todas as cousas.

*Que teñamos unha boa noite tendo á nosa beira
a presenza do Señor e dos irmáns. Amén.*

🎵 n° 47 **Pan do ceo, pan de vida (3)**

*Avísase das celebracións destes días insistindo na
importancia de participar na celebración da vixilia
pascual (ver folla do mes)*



Os Cotos



Palabras do evanxeo deste Xoves Santo

Naquela cea dixo Xesús:

“Facede isto en memoria de min”

“Deivos un exemplo para que así fagades tamén vós”

